

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 29 DE MARZO DE 1993.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vintenove de Marzo de mil novecentos noventa e tres; ás oito do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Xosé Sotelo Barroso e Don Ricardo González Amaro.

Está presente o Secretario accidental, Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira do Concello.

Xustifica a súa ausencia Don Xosé Prieto Pérez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes: En primeiro lugar, a Comisión de Goberno fica enterada do contido dun telegrama da Alcaldía, dirixido á Sra. viúva do Dr. Fontán, expresándolle o sentimento de condolencia polo falecemento do mesmo.

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión de Goberno presta aprobación ó borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 22 de Marzo corrente.

3.- ESCRITOS VARIOS DE SEÑORES CIDADANS.-

Visto o escrito de Don Eulogio Mato Pajariño, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Progreso, 27, no que prega se lle informe do réxime urbanístico aplicable a unha finca da súa propiedade sita na paraxe Maquiás, a Comisión de Goberno acorda comunicar ó interesado o contido do informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, que di o seguinte: "A finca de referencia atópase dentro da área dun ESTUDIO DE DETALLE, como mandamento das NN.SS. Municipais, ó estar calificada a zona como residencial mixta, Ordenanza 4.3.- No expediente, entre outros, consta un acordo da Comisión Provincial de Urbanismo, do 16-2-92, que dice: "Non acepta-lo acordo de aprobación definitiva".- A vista de todo isto, a Comisión de Goberno acorda facilita-lo expediente completo ó Sr. Aparellador Municipal e mesmo achegar tódalas actuacións relacionadas co tema para clarexar o

verdadeiro alcance deste Estudio de Detalle particular, circunstancia que se lle notificará no seu día ó interesado.

Visto o escrito de Don Marcial Mosquera Rodríguez, veciño desta Vila, con domicilio na rúa A Veronza, 2, no que formula reclamación previa para o exercicio da correspondente acción xudicial, co gallo de dúas facturas, de 17 de Maio de 1988, números 16 e 17, por importe de 211.820 pesetas e 710.823 pesetas, respectivamente, por traballos realizados na reparación da beirarrúa, no Progreso desta Vila e na rúa Baixada ó Matadoiro, a Alcaldía acorda darse por enterada da reclamación previa de que se trata, dispoñendo que polo Sr. Aparellador Municipal se emita informe sobre a factura nº 16, que se refire ós traballos de reparación na rúa Progreso.

Visto o escrito de Don Modesto Gómez González, na súa calidade de Presidente da Asociación de Veciños da parroquia de Sampaio, no que fai referencia a unha serie de necesidades que coidan primordiais nos lugares de Valdepereira, A Quinza, e Santa Cristina, relacionadas con servicios públicos diversos, a Comisión de Goberno acorda comunicar ó interesado que se toma nota da petición de que se trata a cal será estudiada dun xeito máis detido cando se leve a cabo a confección e aprobación no seu caso do Orzamento Municipal do ano 1993.

### 3.- ESCRITOS OFICIAS.-

Cóñece a Comisión de Goberno os seguintes:

Da Deputación Provincial, que achega unha instrucción do 24 de Febreiro de 1993, do Ministerio para as Administracións Públicas, relativa ós criterios para a aplicación de Lei 30/1992, do 26 de Novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Asesora o Secretario dos distintos aspectos que converxen nesta importante disposición legal e mesmo dos criterios que se están a pór en práctica, tendo en conta o sinalado na súa disposición adicional terceira, en virtude da cal deberán admitirse e tramitarse os recursos administrativos que se presenten de acordo co establecido na Lei de Procedemento Administrativo do 17 de Xullo de 1958 contra as disposicións e os actos administrativos dictados denantes do 27 de Agosto de 1993 ou, noutro caso, da entrada en vigor da correspondente norma axeitada.- O fío do anterior, a Comisión de Goberno tamén acorda que, precisamente o Secretario do Concello asista durante os días 29 e 30 de Abril vindeiros a unhas Xornadas de estudio

sobre o tema que terán lugar na cidade da Coruña, ó cal efecto atorízase o gasto de 20.000 pesetas por dereitos de inscrición.

Escrito da Federación Galega de Municipios e Provincias sobre establecemento da supresión das franquicias postais, acordando que se remita o dato sobre cartas ou envíos postais mensuais aproximado.

Do Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia sobre o cumprimento da normativa vixente en materia de normalización.

Da COTOP, sobre devolución de proxectos que serviron de base para a petición de axuda sobre contornos urbanos e medios naturais, que non foron atendidas.

Da Deputación Provincial de Ourense, indicando nova conta a prol da mesma para o ingreso das aportacións municipais ás obras de Planos Provinciais.

Da Delegación Provincial de Economía e Facenda de Ourense, sobre participación nos tributos do Estado.

Informe do Sr. Aparellador Municipal, sobre a subministración de enerxía eléctrica á Praza de Abastos, acordando que se remita o expediente á Delegación de Industria para a emisión do correspondente dictame.

Do Instituto Nacional de Emprego, sobre o traspaso de funcións da formación profesional ocupacional á Comunidade Autónoma de Galicia.

Da Deputación Provincial, sobre normas para a concesión de delegación de competencias de obras do Planos Provinciais de 1993.

Partes de cloración de augas do Concello, acordando a Comisión face-las pertinentes actuacións naquelas fontes públicas con análise de auga non potable.

Orde do 15 de Marzo de 1993, da Consellería da Presidencia e Administración Pública, que modifica a Orde do 12 de Xaneiro de 1993, sobre axudas para a mellora dos recursos e da oferta e a promoción do turismo.

Orde do 9 de Marzo de 1993, da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, sobre auxilios económicos en materia de mellora rural.

Resolución do 22 de Marzo de 1993, das Subsecretarías de Economía e Facenda e para as Administracións Públicas, sobre revisións das indemnizacións de axudas de custo no territorio nacional.

Sentencia do Xulgado de Primeira Instancia desta Vila, no proceso civil 46/90, e recurso de apelación presentado contra a mesma.

Escrito do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria, sobre devolución do importe de recibos correspondentes a Dona Justa Villanueva Pérez, acordándose a devolución á mesma da cantidade de 9.764 pesetas.

#### 4.- CUESTIONS DE CARACTER ECONOMICO.-

De seguido coñece a Comisión unha serie de peticións que se reseñan interesando axudas de carácter económico acordando fiquen pendentes en tanto en canto non se confeccione o Orzamento Municipal de 1993, presentadas polas seguintes entidades: Fútbol Sala, de Ourense; Comisión de Festas de Sampaio; Comisión de Festas de San Lázaro; e tres peticións do Club de Fútbol Francelos F.C..

A Comisión de Goberno acorda conceder unha axuda de 20.000 pesetas á Asociación Unión Democrática de Pensionistas desta Vila para unha viaxe dos seus membros a Santiago co gallo do Ano do Xubileo.

Tamén a Comisión de Goberno presta aprobación ó Padrón do Imposto de Circulación de Vehículos do ano 1993, por importe de 20.516.760 pesetas.

Por último, a Comisión de Goberno, na súa condición de órgano de asistencia permanente ó Alcalde, acorda acollerse ós beneficios da Orde do 12 de Xaneiro de 1993, da Consellería da Presidencia e Administración Pública, pola que se anuncian axudas e subvencións a Corporacións Locais e outros, para a mellora dos recursos e da oferta e a promoción do turismo, segundo o seguinte detalle: no Título I, Capítulo II, para creación de novas Rotas, segundo as memorias que se achegan, Rotas do Viño, na parte, obviamente que corresponda ós tramos deste Concello de Ribadavia cun investimento de 2.300.000 pesetas e 900.000 pesetas, consistindo a axuda que se prega no 75% dos devanditos importes; en canto á actividades de

recoñecido interese turístico, petición de axuda por importe do 25% para as actividades nomeadas Feira do Viño do Ribeiro e Festa da Istoría, que teñen un investimento de 14.628.000 pesetas e 3.955.000 pesetas, respectivamente; polo que atinxe á edición de material de promoción e información turística, petición de axuda polo importe do 75% do investimento para as actuacións de confección de dous trípticos, 5.000 exemplares para cada un, segundo modelo que se achega, cun investimento de 2.400.000 pesetas; e mesmo pola confección dun vídeo, segundo a documentación que se achega, cun investimento de 1.490.000 pesetas.- No Capítulo IV da mesma Orde, realización de actividades complementarias á oferta turística para a nomeada Noites do Castelo, segundo a documentación que se achega, pregando unha axuda do 50%, e cun investimento de 3.500.000 pesetas.- No Título II, Capítulo I, e en relación co fomento do turismo rural e potenciación de balnearios, petición de axuda para o proxecto nomeado Recuperación de Augas Termais en Prexigueiro, segundo a documentación que se achega, e na contía do 50% do investimento de execución material que ten un montante de 50.000.000 pesetas.- O Sr. Alcalde fica facultado para asinalas correspondentes peticións co gallo de seren remitidas á Delegación Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública de Ourense.

#### 5.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon.

E sendo as nove da noite o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, como Secretario, certifico.-